

PLAN DE CONSERVACIÓN PREVENTIVA PARA A FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA

Marta Suárez Cota, marsuacot@hotmail.com 12/06/2017

Obxectivos

Este é un plan de conservación preventiva para facer fronte ás necesidades da heteroxénea colección que posúe a Fundación, tanto exposta en sala coma nos almacéns, incluíndo medidas activas de acondicionamento do edificio, así como de control dos axentes presentes.

Preténdese, con este traballo, establecer as condicións ideais para os diferentes materiais das obras, pero tendendo á practicidade e a facilidade de implantación do proxecto, podendo así ser de axuda para os traballadores da Fundación, que carecen nestes momentos tanto dun profesional do ámbito da conservación-restauración coma dun plan de conservación propio.

Metodoloxía

1. Estudo do edificio e documentación sobre as coleccións
2. Entrevistas ao persoal e observación das vulnerabilidades
3. Elaboración dunha memoria descriptiva
4. Diagnose de axentes de deterioro presentes e riscos
5. Inspección, medición e monitorización
6. Establecemento de medidas correctoras, preventivas e curativas

Conclusións

1. É primordial atopar un equilibrio entre as medidas ideais a implantar e as que resultan máis realistas, en museos de pequeno e, por tanto, baixo presuposto.
2. Queda clara a complexidade da xestión, sobre todo das condicións climáticas, dunha colección tan heteroxénea, cunha toma de decisións constante.
3. Contar coa vontade dos traballadores para a mellora das condicións de exposición e depósito das obras de arte neste tipo de institucións é moi positivo.
4. Faise evidente, de novo, a falta de valoración do papel do conservador, ausente en moitas destas institucións e que é fundamental para a preservación das coleccións.

